

HOMENAXE MULTINACIONAL A CASTELAO

(E máis un aldraxe)



AKAL EDITOR

Colección: Arealonguiña

Direutor: X. Alonso Montero

Maqueta: Rag

© AKAL EDITOR, 1976

Sánchez Barcáiztegui, 40 - Madrid-7 - Teléfono 251 04 35

Depósito legal: M-16464-1976

I.S.B.N.: 84-7339-161-6

Compuesto en Fernández - Oudrid, 11 - Madrid-20

Impreso en Gráficas Elica

Ctra. de Vicálvaro a Coslada, 5 - Madrid.

MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ

O can na caricatura de Castelao

Querido Rosende:

Pídesme que che conte quen era Alfonso R. Castelao. ¿Sobre cál ángulo, cál suposto, cál prano ou cál intre sicolóxico podo satisfacer o teu degaro? ¿Quén pode abranguer unha obra de anos, de esperencias, inquedanzas, ledicias e mágoas, trunfos e desterrolos pra enfeixalos en dous folios?

Pra che dar unha idea do seu arte e do seu carácter, escolmaréi unha presa de dibuxos, cuio persoaxe central é o can: Nesta farturenta leira xenial de Castelao, amigo Rosende, latexa e vive un mundo, con lendas ó pé, que son auténticos poemas insuperables, sen ningunha clás de evasión, encol da realidá social contada por vellos, nenos, emigrantes, caciques, galos, sapos, cás, etc.

O gran mestre préstase contadas vegadas á defensa do can e case sempre bate nil co vocabulario más esmagante. Desta maneira patentiza o gran conceuto que o artista ten da valía e da enteireza e, pola contra, da teima que sinte prós lambecús.

O can, querido Rosende, xoga un rol destacado neste vieiro de comunicación do caricaturista e, valéndose dil, zorrega sen compasión no cacique finchado, cun bandullo a rebordar e tódolos sinos esternos de riqueza rapiñenta, pintándolle unha faciana calcada do bulldog

que camiña a seu par. Na lenda apreséntanos o repunante persoaxe desta maneira: «O home que foi ladrón e despóis fixose filántropo.»

Castelao revólta-se contra as maneiras serviles daquiles que, esmagados, non saben coller folgos pra facer valer os seus dereitos e díllelo poñendo a rentes da súa miopía, dous gatos: un crícias, outro envalentonado, que están de conversa: «Déixaste maltratar pola cociñeira. Pareces un can!».

Faise alferrón magoante cando cavila nos apoltronados. Atópanse o raposo e o can. «Domésticate, hom; dícelle iste cheo de fachenda, e verás qué vida máis regalada.» «Non che na cín pra can», contesta o raposo, revirándolle as costas.

Noutro dibuxo, un can láiase debruzado na campa onde enterraron ó seu amo e un sapo, que ve tal degradante sumisión, renega: «¡Aínda hai cans! ¡Aínda hai cans!»

E por se fora pouco, o mestre de Rianxo, dibuxa outro, encadeado, ben mantido, pero preso ó fin con grossa cadea. A lenda dí: «Coitadiño, que morde a todos menos ó amo.»

A ironía pícara e galeguísima do lápiz do noso caricaturista dános unha sede de auga no deserto desacougante: ó lonxe, unhos recén casados. Il é xa un vello rengueante. En primeiro termo un can fala cun caracol de largos cornos: «¿Tamén tí te casaches de vello?»

Poucas vegadas sálvase o can nas mans de Castelao. Compréndese porque pra il o can é o símbolo da domesticidá, da conformidá, da adulación, do abaixamento, da ruindá. Hastra os coellos o comentan a carón dunha cañota:

«O can é o animal máis sanguinario.» «Por algo é o máis amigo do home...»

Pero hai un intre, amigo Rosende, no que o can, millor dito, unha cras de can, fáise merecente da entrega total do dibuxante: Así atopamos un can de palleiro, fraco, cas orellas baiñas, a cavilar nas verbas estranas do cadelo faldreiro que lle dí: «A mí me gustas, ¿sabes?, pero como eres «can de palleiro...»

É un verdadeiro drama a contesta do coitado: «Vaites, vaites...»

Querido Rosende: agora xa tes unha idea mímina de quen era Alfonso R. Castelao. Faléiche dunha das moitas facetas a traveso das cales revélase o su rexo pensamento e a súa personalidá envolvente. Non deixes de pescudar e profundar nela. Estou afenzado que te farás seu discípulo incondicional.

Deica outra, Rosende. Unha aperta do teu amigo.

*Barcelona, 25 Cabodano do pasamento
de Alfonso R. Castelao*